

Alejandro Espiño (Pontevedra, 1980)

Formación: Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Vigo.

- Que fai un experto en e-xornalismo local?

Pois supoño que tería que dicir que é un profesional da información que investiga, produce e difunde contidos xornalísticos usando as novas tecnoloxías e, nomeadamente, Internet e as redes sociais. Pero eu non son moi partidario destas etiquetas. Creo que o único que nos diferencia dun xornalista 'clásico', por dicilo dalgún xeito, é a plataforma que usamos, as ferramentas que temos ao noso alcance, os formatos que empregamos e, sobre todo, a forma que temos de comunicarnos e interactuar cos nosos lectores.

- Como chegaches a esta especialización?

Con traballo. Non hai outro xeito. O paso pola universidade, por suposto, foi moi importante. Abriume os ollos a un amplo abano de aspectos relacionados coa comunicación que eu descoñecía. Pero eu sempre digo que cando un opta por desenvolver a súa faceta xornalística nun medio dixital está en constante formación. Eu sempre tiveron un grande interese polas novas tecnoloxías. E pouco a pouco fun adquirindo a experiencia e os coñecementos que me levaron a onde estou agora.

- Que oportunidades de futuro representa?

Eu máis que oportunidades de futuro, diría de presente, porque ninguén pode imaxinar xa a súa vida sen internet ou as redes sociais. Pero si, creo que o xornalismo dixital, feito con profesionalidade, ten unha perspectiva magnífica. E máis desde un enfoque local. A globalización na que vivimos fixo rexurdir na audiencia unha necesidade de estar en contacto coa información local, co que pasa no seu ámbito máis próximo. E ese é un aspecto que, na maioría dos casos, aínda está sen cubrir na rede. Sempre, iso si, desde a responsabilidade social que temos como xornalistas.



XORNADA

Faite Profesional do Xornalismo

- Que recomendacións lle darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta especialización?

O máis importante é que ten que asumir que a comunicación cambiou. Nunca se consumiu tanta información como agora e a xente demanda acceder a ela canto antes. Nesa voráxine, o xornalismo é máis necesario que nunca porque esa información debe ser veraz e estar ben contrastada, dúas cuestións que non sempre acompañan nas redes sociais. Pero se alguén está pensando en orientar o seu futuro laboral cara a este eido eu diríalle que procure rodearse de xente formada e motivada e, sobre todo, que pense moito no seu público. Hai que interactuar cos lectores de forma continua, chegando a crear unha comunidade ao redor do teu proxecto xornalístico.